

Asignación de Complementos.

Quedan aprobados varios expedientes dos presentados antes a COPA sobre asignación de complemento remitidos a COPA desde as Subcomisións, a CIG é desfavorable a esta asignación non por ser de necesidade senón porque se financian coa amortización de postos de traballo o que significa unha importante destrución de emprego, so damos a nosa aprobación para os que se financian con amortización de complementos de outros postos que non son necesarios.

Concurso de Traslados.

Segundo informa o departamento de procedementos para a última semana de este mes de febreiro está prevista a publicación da primeira fase do CAP coa intención de convocar sobre 1000 postos.

Tamén din que no prazo de 3 meses se publicará outro concurso para os Grupo E0, a CIG rexeita este tipo de concurso por ser restritivos para o resto de grupos, e si todos os anos promoven un concurso extraordinario para o este colectivo deixa de ser extraordinario,

En canto oa do Anexo II están pensando e publicar cando xa teñan publicado o da primeira fase do CAP e o extraordinario do E0, xa que non poden con tantos ao mesmo tempo.

Ofertas de Emprego.

Seguimos ser que nos informen de cómo e cando se publicaran os procesos selectivos das OPES pendentes, o mesmo de sempre, TARDE, MAL e ARRASTRO.

Para a CIG e fundamental saber como están os procesos selectivos da oferta extraordinaria para os contratos de relevo das xubilacións parciais, polo que instamos de novo a RRLI que nos trasladen dita información, toman nota e farán o posible por enviar o que pedimos, xa a pedimos na COPA do mes de xaneiro, aínda estamos esperando.

ARTIGO 56.3 IV CUAGE

Reparto de subida complementaria en base a masa salarial.

Con respecto ao ano 2024, a subida será LINEAL como o ano 2023 xa que por maioría de CCOO e UGT así se acordou. O importe total é 1.121..574 € o que supón un incremento por complemento de 32.25€.

Para o do 2025 como acaban de darnos o importe en base a masa salarial, pediron posicionamento de reparto quedando acordado que será LINEAL coma a do ano 2024, unha vez que fagan o calculo para saber a canto toca cada complemento na próxima COPA do mes de marzo farase efectiva en base ao que se acordou.

A CIG propuxo que fose de forma porcentual aplicado a cada complemento para a subida dos dous anos, entendemos que a subida publicada nos PGE ten que ser a que corresponda a cada complemento no posto de traballo.

GRUPOS TRABALLO:

Troco Réxime Xurídico:

A Administración manifesta que se está a traballar nos nomeamentos dos G3 pero sin dar datas, ademais din que están moi avanzados os traballos para publicar as segundas convocatorias para os G4 e G3.

Xubilación Parcial:

Seguimos sen documento que regule a xubilación parcial do persoal do convenio, a pesar de ter un punto incluído na orde do día para debater un borrador que estaba comprometido a enviar desde RRLL, non deu chagado e no mesmo momento de iniciar este punto entregan un borrador para que fagamos aportacións para na próxima reunión da COPA de marzo a ver si podemos chegar a un acordo do mesmo.

Sempre con escusas de mal pagador están a dilatar a posibilidade de que se poida acceder a este tipo de xubilación, a ver si para o mes de marzo como se comprometeron esta todo en disposición para que poidan presentar as solicitudes,